



PROGRAMACIÓN
EDUCACIÓN
INFANTIL

CEIP O COTO

2020-2021

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. METODOLOGÍA DIDÁCTICA
3. MATERIAIS E RECURSOS
4. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS
7. ACCIÓNS DO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC
8. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA
9. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN
10. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO
11. PERIODO DE ADAPTACIÓN ALUMNADO DE 3 ANOS.
12. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS:
 - 4º EDUCACIÓN INFANTIL
 - 5º EDUCACIÓN INFANTIL
 - 6º EDUCACIÓN INFANTIL
 - INGLÉS
 - MÚSICA
 - ANIMACIÓN Á LECTURA
 - RELIXIÓN
13. MARCO LEGAL
14. ANEXOS

1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O proxecto educativo do segundo ciclo é unha proposta pedagóxica elaborada polo equipo de ciclo, seguindo as directrices legislativas do Decreto 330/2009 do 4 de xuño(DOG 23 de Xuño) polo que se establece o currículo de educación infantil na comunidade autónoma de Galicia.

Elaborar o proxecto educativo de centro é unha das tarefas máis decisivas do equipo de profesores. O éxito do proceso de ensinanza -aprendizaxe depende en gran medida de que se acorden previamente os diversos aspectos do plan de acción educativa: que ensinar(objectivos e contidos);cando ensinar(secuencia de obxectivos e contidos); como ensinar(methodoloxía); e que, como e cando avaliar(criterios de avaliación). Todo iso xunto co desenvolvemento das competencias básicas,a educación en valores,a presentación da atención á diversidade do alumnado e as liñas mestras de orientación,configuran o Proxecto educativo do centro.

O proxecto educativo convértese así nun instrumento que lle permite a cada profesor enmarcar as súas programacións de aula no marco conxunto de actuación,e a todos os axentes educativos coñecer a proposta pedagóxica do centro.

Así mesmo ter en conta a realidade do centro e o seu entorno,recollidos no proxecto educativo do Ceip "O Coto". O noso colexio está ubicado en Negreira, capital do concello da comarca de Barcala. A súa extensión é de 115 Km con unha poboación de 6497 habitantes dos cales dous terzos están repartidos nas parroquias do medio rural. A economía susténtase nos sectores agrario, gandeiro e forestal,a industria ten escasa importancia,e o sector terciario ocupa un 33% da poboación activa.

O centro obxecto desta programación conta con 7 unidades de Educación Infantil e 19 unidades de Primaria aprobadas pola administración para o curso 2020/21. Destas 7 unidades de E.I. temos: 2 de 4º (con 20 e 18 alumnos/as), 2 de 5º (de 20 e 21 nenos/as) e 3 de 6º (con 15, 16 e 18). Para dito desdobre tivéronse en conta razóns pedagóxicas, demandas das familias e contouse co visto e prace de inspección de educación.

No ciclo de infantil contamos con 7 titoras para as citadas unidades, 2 mestras de apoio e os seguintes especialistas: dúas mestras de inglés, un mestre de música, unha mestra de relixión, tres especialistas de Pedagogía Terapéutica e unha de Audición e Linguaxe, que apoian a aqueles nenos/as que así o indique o Equipo de Orientación do centro.

2. METODOLOXÍA.

Na LOE exprésase que os métodos de traballo na educación infantil se basearan nas experiencias, nas actividades e no xogo, e aplicarase nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e a integración social. Neste apartado trataranse as decisións relativas a ¿como ensinar? Aspecto decisivo para o éxito da práctica educativa, xa que vai a condicionar o cando e o que ensino. Así preténdese que o alumno/a reciba a axuda pedagóxica que necesita para aprender de modo significativo e desenvolver as capacidades definidas nos obxectivos. Terase en conta unha serie de principios metodolóxicos que van a enmarcarse nunha concepción constructivista da aprendizaxe, e conducirán tamén a acción pedagóxica neste ciclo. Como principios vanse a sinalar os seguintes:

◆ PRINCIPIO DE CONSISTENCIA EVOLUTIVA: supón adecuar os contidos ó nivel do grupo e o estadio evolutivo do neno/a.

◆ PRINCIPIO DE APRENDIZAXE SIGNIFICATIVO: relacionarase os aprendizaxes co que o neno/a sabe previamente e partirán das súas necesidades e intereses.

◆ PRINCIPIO DE ACTIVIDADE AUTOESTRUTURANTE: contempla as interaccións neno/a co ambiente.

◆ PRINCIPIO DE GLOBALIZACIÓN: abordarase os contidos de forma global, respectando as características do neno/a.

◆ PRINCIPIO DE ACTIVIDADE: promoveranse actividades nas que os nenos/as participen, se impliquen, realicen tarefas explorando, manipulando...

Como orientacións metodolóxicas para este ciclo cabe destacar:

- no tocante aos espazos: ó contrario doutros anos preveranse lugares onde os nenos/as non poidan compartir, para estar solos e para xogar, relacionarse cos demais garantindo a distancia de seguridade, espazos para facilitar o movemento e tamén para actividades que requiran unha certa concentración. No Anexo I recóllense os planos de cada unha das aulas de Educación Infantil.

- no referente aos materiais : os materiais curriculares axeitaranse ós tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e por conseguinte ás características individuais do alumnado. Os materiais serán diversos e ofrecerán múltiples posibilidades de uso en función das necesidades de cada momento. Tamén estarán presentes na aula elementos do medio natural e sionatural. Debido á situación actual cabe destacar que se someterán a accións de hixienización constantemente, tal e como indica o Protocolo COVID.

- no que concerne aos tempos: non serán ríxidos e deben respectar os ritmos dos nenos/as. Na planificación estableceronse períodos, rutinas, e tamén tempos de actividades específicas tendo en conta as características e necesidades dos alumnos/as e o momento actual. No anexo II recóllese o horario tipo de tódalas aulas de Educación Infantil.

No que se refire á perspectiva didáctica, os contidos organízanse tendo en conta un enfoque globalizador. Ofreceráselle os nenos/as situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións... Os proxectos ou a realización de asembleas serven como motivación e tamén para favorecer o desenvolvemento das relacións interpersoais. O xogo, como xa está nomeado anteriormente, vai a ser a actividade propia desta etapa, xa que cando xogan, os nenos/as establecen relacións, manifestan vivencias, experiencias... Débese ter en conta a afectividade, xa que o alumnado debe sentirse seguro e construír coñecementos a partir da formación dunha autoimaxe positiva. É preciso recalcar que debido á pandemia estanse a perder aspectos importantes como era o xogo en grupo, a coordinación cos demais, a aceptación e comprensión de normas nos xogos colectivos, poder compartir bens materiais,...

No que se refire ao papel do profesorado, este potenciará dinámicas con xogos, actividades que o fagan observar, adiviñar, imaxinar... para así conectar as experiencias presentes coas pasadas, ademais de proporcionarlle ós nenos/as ferramentas que lles permitan evolucionar nos coñecementos e habilidades que desenvolveron. O mestre/a velará por crear un ambiente onde haxa relacións positivas, que os nenos/as expresen libremente as súas opinións, crear un clima de aceptación e respecto mutuo e estimular a creatividade.

Os agrupamentos organizaranse en mesas de 4 ou 5 alumnos/as, ideal para favorecer a interacción cooperativa, pero coa imposibilidade de compartir materiais, que deben ser de uso propio e individual. Quedan totalmente anulados os grandes grupos para calquer tipo de actividade, e predominaran as tarefas individuais, se ben é certo que determinadas dinámicas ou xogos poden contar coa participación do grupo-clase pero sen achegamento no espazo (conversas, asemblea, ...).

É importante a apertura ó entorno, así os elementos que inciden no proceso educativo dos nenos/as son : equipo docente, familias e o contorno. É necesario unha boa relación coas familias xa que a eficacia de educación infantil depende en gran medida da unidade de criterios educativos na casa e na escola. En canto á apertura ao contorno, se ben outros cursos se planificaban saídas ou visitas de membros da comunidade que o

garantían, neste ano escolar buscaremos novas fórmulas como videoconferencias con persoas de fóra do centro, televisitas, correspondencia postal,

Un aspecto a destacar vai a ser as competencias básicas e a súa repercusión na metodoloxía. O paradigma educacional referente debe ser o de “ aprender a aprender” e de “aprender facendo”. Compre unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica. Para desenvolver as competencias é necesario traballar sobre todo por proxectos e resolvendo problemas, así proporanse tarefas que inciten ós alumnos/as a mobilizar e transferir os seus coñecementos e habilidades. Desde a metodoloxía de proxectos trátase de achegar a escola á vida diaria. Empregarase un enfoque globalizador, partindo dos intereses dos nenos/as, das súas experiencias e coñecementos previos.

Como competencias vamos a destacar: competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e interacción co mundo físico, competencia dixital e tratamento da información, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal.

3. MATERIAIS E RECURSOS.

O equipo educativo será o encargado de seleccionar e recopilar, ás veces con axuda dos nenos/as, todo aquel material que considere necesario para realizar a súa labor educativa. Os materiais curriculares axeitaranse ós tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo, e por conseguinte, ás características individuais do alumnado. Os materiais serán diversos e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización. Tamén estarán presentes na aula elementos do medio natural e socionatural. Podemos incluír aquí:

∴ mobiliario adecuado a cada nivel: mesas, cadeiras, corchos...

∴ materiais comerciais : fichas, libros, xogos, etc

∴ material de refugallo.

∴ material aportado polos nenos e nenas, ben recollido nas saídas, traído das súas casas,etc. Será material que permita a súa manipulación sen perigos e que ofrezca múltiples posibilidades de xogo e experimentación. Este material deberá gardar corentena ó chegar ó centro para garantir a seguridade do alumnado, e por suposto, tralo seu uso será desinfectado de inmediato. Algún será material fixo e utilizarase ó longo de todo o curso por exemplo as mesas, as cadeiras...aínda que pode variar a súa colocación en función das necesidades da aula e do número de alumnos/as en cada momento; outro,

variará en función das unidades ou proxectos didácticos, das estacións, dun momento de improvisación, etc. Tamén se procurará en todo momento que a selección tanto de materiais como de espazos evite desigualdes por razón de xénero.

4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación na Educación Infantil é concebida como un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo. Terá un carácter continuo. O seu fin será obter información sobre o desenvolvemento dos nenos/as, así como mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables no proceso, fundamentando a toma de decisións oportunas. Os criterios de avaliación de cada unha das áreas serán os referentes para averiguar en que medida o alumnado vai desenvolvendo as súas capacidades, identificar as aprendizaxes adquiridas e valorar o grado de desenvolvemento das competencias básicas.

O proceso de avaliación correspóndelle á persoa titora, trala recollida de información proporcionada polo resto de profesionais que participan no proceso de ensino - aprendizaxe do seu grupo, ou dalgún dos alumnos que forma parte del. Realizarase a través das sesións de avaliación que serán, unha inicial e tres máis ó longo do curso, coincidindo co fin do trimestre. A valoración farase en termos cualitativos, recollendo os progresos dos nenos e, de ser o caso, as medidas de reforzo ou adaptación efectuadas. No que se refire aos instrumentos de avaliación, dicir que dadas as peculiaridades desta etapa do sistema educativo e as características que delimitan a avaliación da mesma, hai que ser conscientes dalgunhas técnicas ou instrumentos apropiados para este período escolar. En todo proceso evaluador podemos diferenciar 3 momentos: recollida de información, trátase de recoller o maior número posible de datos de canto acontece no proceso educativo; valoración da información, a valoración dos datos recollidos están en relación cos aspectos que se pretende avaliar; toma de decisións, a avaliación debe servir para reaxustar os procesos.

Como instrumentos de avaliación a ter en conta podemos encontrar:

- observación directa e sistemática: como principal técnica do proceso de avaliación
- escalas ou guías de observación: permite obter información sobre o proceso educativo
- rexistros anecdóticos: describen os feitos ou incidentes que se producen nunha xornada escolar
- diarios de clase: permiten un coñecemento continuo do desenvolvemento das xornadas escolares

- entrevistas: potenciase a colaboración familia escola, así vaise a obter información sobre o desenvolvemento xeral do neno/a
- traballos: para así completar as informacións recollidas. A información recollida trasladarase ás familias, como mínimo, nun informe escrito trimestral e de forma persoal tantas veces se estime oportuna para establecer así unha coordinación adecuada no desenvolvemento do proceso educativo dos nenos/as.

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Todo proceso educativo implica aprendizaxe, no contexto escolar, realízase coma un proceso individual que se da nun marco social: o centro educativo e o grupo - aula. Así, cada persoa constrúe as novas aprendizaxes segundo as súas características persoais, coñecementos previos, motivacións e intereses, capacidades e ritmos de aprendizaxe... Todo isto indícanos que o feito educativo é algo profundamente ligado á diversidade dos seres humanos. Entendemos que un alumno/a presenta necesidades educativas especiais cando atopa dificultades maiores que o resto de alumnos/as para acceder ás aprendizaxes propias da súa idade.

A atención á diversidade atenderase como un principio e non como unha medida que corresponde á necesidade duns poucos. A intervención educativa adaptarase ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos/as, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

As propostas educativas para atender á diversidade basearanse en principios inclusivos integradores e non discriminatorios.

Todo o persoal do centro educativo considerará no seu labor a diversidade do alumnado. Os centros adoptarán as medidas oportunas dirixidas ó alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo, que están relacionadas co contexto familiar, social e cultural, por un lado, e por outro lado asociadas a discapacidades físicas, motoras, sensoriais ou trastornos graves de conduta.

Atenderase ós nenos/as que presenten necesidades educativas buscando a resposta educativa que mellor se adapte ás súas características e necesidades persoais.

O equipo de orientación deseñará as accións e recursos encamiñados á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe. Así, facilitarase tamén a coordinación de cantos axentes interveñan na atención ó alumnado.

Débese ter en conta o principio de flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado en toda a etapa educativa.

No ciclo de educación infantil temos varios alumnos/as (3 alumnos/as) con necesidades educativas que, unha vez detectadas, son atendidos polo equipo de orientación quen dispón se as especialistas de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica deben traballar co neno/a en cuestión, e tamén si o farán dentro ou fóra da aula. Os apoios ás aulas lévanse a cabo tendo en conta tamén estas necesidades.

Os obxectivos que se pretenden son:

- Participar na prevención, detección, avaliación e seguimento do alumnado con problemas e valorar as necesidades detectadas.
- Detección e intervención temperá das alteracións e/ou retrasos.
- Detección e valoración das dificultades de aprendizaxe, participando nos procesos de avaliación dos alumnos con dificultades.
- Intervención directa cos alumnos que o precisen, como resultado das avaliacións pertinentes mediante accións programadas.
- Seguimento e colaboración en todos aqueles aspectos que teñan relación coa súa especialidade en todo o relativo a medidas específicas que se estean levando a cabo.
- Asesorar e elaborar o material didáctico máis apropiado en cada caso.
- Apoio ao profesorado ordinario que traballa na aula con este alumnado con necesidades.
- Realizar actividades de apoio.
- A atención a este alumnado, está controlada e revisado polo Departamento de Orientación, polo que poden xurdir modificacións ao longo do curso.

6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

As conmemoracións temporalízanse en base á Orde do 25 de xuño do 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/2021, nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

Este curso trataranse a través de actividades e proposta para desenvolver na aula, fuxindo de xuntanzas grupais, e buscando que non supoñan ningún tipo de perigo tendo presente a situación excepcional que estamos a vivir.

Non se contemplan saídas fóra do centro.

7. ACCIÓNS DO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC.

A Lei Orgánica de Educación (LOE) establece entre as súas competencias básicas a competencia dixital que consiste en dispoñer de habilidades pra buscar, obter, procesar e comunicar información para transformala en coñecemento. Así para acadar entre o alumnado esta competencia faise imprescindible a introdución das tecnoloxías da

información e comunicación (TIC) no centro educativo facéndoo extensible ó resto da comunidade.

Este plan xorde como consecuencia da aplicación da LOE a cal indica a necesidade de crear en cada centro un plan de introdución das TIC.

Pola demanda xerada no tempo de confinamento, ademáis da páxina web coa que xa contaba o centro, o equipo TIC pon en funcionamento a aula virtual do mesmo, que resulta ser unha ferramenta indispensable ante a nova realidade, a chave para manter unha comunicación fluida coas familias e o soporte de tódalas tarefas propostas polos docentes encamiñadas á súa realización na casa.

A aula virtual supuxo un recurso máis ó que adaptarse, e precisou do esforzo tanto do profesorado coma das familias (no noso caso o alumnado aínda no accede a tal plataforma) para poder entendela e empregalo debidamente. A tal efecto, neste primeiro trimestre ofértase diferente formación para o seu manexo e mantemento promovido dende o equipo directivo e organizado por PLATEGA.

O uso do correo electrónico é habitual entre o profesorado así como o emprego do XADE para a avaliación do alumnado, e coma novidade inclúese dende o pasado mes de setembro Abalar, aplicación que nos aproxima ás familias garantindo un fluxo estable e continuo de comunicación.

Como recursos tecnolóxicos dispoñibles no centro cóntase con : unha aula de informática, ordenadores, portátiles, tabletas e tamén con kits de robótica (3 Tiny Robots para todo o ciclo), que comencan a ocupar un lugar importante entre as ferramentas de aula (na actualidade 23 mestres do centro, entre os que está practicamente todo o profesorado de Educación Infantil atópanse inmersos nun curso de formación en robótica organizado polo CAFI).

Atendendo ás indicacións marcadas pola administración para a redacción deste plan,indicarase a continuación os obxectivos que a longo ou curto prazo se pretende acadar:

* Obxectivos a curto prazo

Para o alumnado : adquirir hábitos de seguridade e autocontrol no uso de internet; adquirir ferramentas que permitan o aproveitamento das TIC na súa autoformación; ser capaces de buscar información(gráfica,texto ou multimedia) en internet adquirindo estratexias de busca eficaces...

Para o profesorado: adquirir noções básicas no uso das TIC de xeito que permitan empregalas nas aulas como un recurso máis;participar activamente nas propostas do

equipo das TIC e aportar novas ideas e melloras; coñecer e levar á práctica as potencialidades das TIC...

Para a comunidade escolar: fomentar que a ANPA empregue o espazo habilitado na web do centro; creación dunha aula virtual que sirva de nexo de comunicación entre tódolos membros da comunidade escolar.

*Obxectivos a longo prazo:

Para o alumnado : potenciar a capacidade de razoamento e motivación por aprender aproveitando as TIC como recursos altamente motivadores; empregar as TIC como medio de creación, integración, cooperación cos demais....

Para o profesorado: empregar as TIC recoñecendo as súas potencialidades como un recurso máis na práctica docente diaria; empregar as TIC para os traballos cotiás así como na propia aula; consultar e obter información a través das TIC que permitan a autoformación e perfeccionamento docente..

Para a comunidade escolar: fomentar o uso da páxina web do centro como espazo de comunicación e introdución das TIC como un medio dinámico de información e de contacto con todos os axentes implicados no proceso educativo.

Secuenciación e temporalización

As actividades propostas para o alumnado serán secuenciadas no tempo segundo a planificación realizada polo mestre/a titor/a que as leve a cabo. Nas actividades dirixidas ao grupo ou a nivel de centro terase en conta a idade e competencia dixital do alumnado; as actividades propostas para o profesorado serán secuenciadas na medida das posibilidades do centro e dos seus compañeiros; a temporalización e secuenciación específicas para as actividades a levar a cabo na aula viran determinadas polas necesidades organizativas e de programación dos mestres que as vaian a empregar...

Principios metodolóxicos

Ademáis do indicado nas respectivas programacións de aula, a posta en práctica destas actuacións e actividades respectará os seguintes principios metodolóxicos:

§ fomentar a participación activa do alumnado en todo o proceso.

§ Partirase de eidos de coñecemento próximos o alumnado como punto de partida para a súa introdución nas TIC.

§ As actividades propostas serán significativas para o alumnado e tenderá a desenvolver o afán por descubrimento e aprendizaxe.

⇒ Farase un uso transversal das TIC que atenderán as competencias básicas e xurdan entre o profesorado.

Avaliación e seguemento

As actividades propostas serán avaliadas no seu conxunto nas reunións trimestrais indicadas ó longo do presente plan. Nembargantes cada unha das actividades será avaliada de xeito diferenciado. A avaliación de tódalas actividades terá en conta o punto de partida e os logros alcanzados.

As medidas ou modificacións que sexan necesarias poderán ser propostas en calquera momento ó longo do proceso da posta en práctica das mesmas. Tamén hai que ter en conta a atención ós alumnos NEAE xa que necesitan programas e recursos didácticos para crear un entorno de aprendizaxe axeitado. Neste sentido as TIC favorecen a comunicación e unha alta motivación do alumnado.

Para este alumnado deberán terse en conta unha serie de principios á hora de empregar as TIC: os programas deberan ser axeitados ás capacidades do alumnado; é preferible facer modificacións nas aplicacións que están a usar os compañeiros, que asignarlle unha nova ferramenta totalmente diferente á daqueles...

Organización espazo-temporal

Resulta imprescindible plantexar algún tipo de organización para o uso de xeito organizado e que acá súa vez supoña o mantemento dos mesmos nas mellores condicións. Así, establecerase unha serie de horarios e pautas para o correcto uso dos elementos tecnolóxicos existentes. Estableceráse ó comezo de curso un equipo responsable de organizar e xestionar o planificado para a introducción das TIC nesta planificación. O equipo contará cun coordinador e reunirse como mínimo unha vez ó mes e presentará propostas de mellora e avaliación do plan. Tamén se establecerá a comezo de curso un horario de uso da aula de informática. Neste curso debido á situación actual en Educación Infantil prescindeuse de mobilizar ó alumnado ata a aula de informática, suplíndose co manexo de kits de robótica ou tabletas na aula.

O formulado neste plan está planificado para o periodo dun curso escolar, polo que o seu contido será revisado anualmente. Por outro lado o presente plan será avaliado polo coordinador do equipo xunto cos coordinadores dos diferentes equipos de ciclo, cando menos 1 vez por trimestre. Ó remate de cada curso académico o Equipo para a introducción das TIC elaborará unha memoria na que se valoren a consecución dos

obxectivos plantexados. Este plan será difundido por todos os medios posibles á comunidade escolar.

8. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais que tentan conseguir sociedades máis modernas, xustas, democráticas e igualitarias. É por iso, que debemos formar aos nosos alumnos/as dun xeito comprensivo, armónico e integral para que sexan capaces de desenvolver a súa vida, respectándose a si mesmos, ós demais e responsabilizándose dos seus actos. Se partimos da idea de que convivencia é compartir vivencias xuntos, isto lévanos dende a familia primeiro ata os centros educativos, para acabar na sociedade en xeral. Nesta tarefa está implicada toda a comunidade educativa: pais, mestres, alumnado, persoal non docente ...cun único obxectivo final: mellorar a convivencia no noso centro e na nosa comunidade educativa.

Para acadar unha mellora da convivencia teremos en conta os seguintes obxectivos:

- Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos/as tanto dende o punto de vista persoal, coma no relativo ás estratexias de aprendizaxe, á motivación, ós intereses, ás relacións persoais...co único fin de producir as respostas educativas adecuadas.
- Desenvolver accións que favorezan a adaptación do novo alumnado, profesorado e a súa interacción cos demais.
- Favorecer a formación integral do alumnado tendo en conta os principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz cara a participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.
- Promover a participación e implicación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas no que demanden e precisen, facéndolle ver a importancia da estimulación dos seus fillos/as, da promoción da súa autonomía, dos valores a considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo o relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe e coa formación dunha sociedade para a convivencia democrática.

Para levar a cabo todo isto, os componentes do Equipo de Educación Infantil desenvolveremos as seguintes actuacións:

- Levaremos a cabo as accións previstas no PLAN DE ACOLLIDA durante os períodos de adaptación (alumnos/as de 3 anos), nas transicións de etapa, na incorporación de nenos/as novos/as ó grupo.

- Revisarase o expediente persoal de cada alumno\la para un previo coñecemento da súa realidade.
- Estableceremos un protocolo de coordinación para a realización da avaliación inicial do alumnado.
- Establecerase un horario semanal de atención ás familias.
- Atenderanse e orientaranse as diferentes inquedanzas do alumnado.
- Informarase ó alumnado e ás familias, ó comezo do curso sobre a vida do centro e as normas que figuran no RRI e na PXA : normas de funcionamento, horarios, coidado das instalacións, normas de convivencia, horarios de tutorías, actividades complementarias e extraescolares...etc
- Asesorarase ás familias en canto o seu papel no proceso de maduración e desenvolvemento dos seus fillos\as.
- Planificaranse reunións xerais coas familias.
- Estableceranse liñas de coordinación co Primeiro Ciclo.
- Desenvolveremos, xunto co equipo de orientación un programa de detección precoz das posibles dificultades de convivencia e relación que poidan xurdir.
- Trimestralmente, informarase ás familias da situación tanto a nivel académico coma persoal dos seus fillos\as no centro, e sempre que sexa necesario e así o requiran, tanto as familias coma o profesorado.

9. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

É parte integrante do proceso de ensino e está lexislada para Galicia na Orde 5 de Maio de 1993, que regula a avaliación, e en base a esta, diremos qué, cómo, cando e onde.

QUÉ. Priorizarei a avaliación de capacidades e actitudes sobre a de contidos.

CÓMO. Proceso global, continuo e formativo que terá como principal técnica a observación directa e sistemática. Tal observación rexistrarase mediante diversos instrumentos: táboas de avaliación, escalas de estimación, lista de control, anecdotario, diario, técnicas audiovisuais.

CANDO. Tres momentos: inicial, continuo e final. Quedando reflectidos nas fichas de avaliación inicial, anual e final.

ONDE. Nos lugares de uso dos nenos: aula, patio, comedor, biblioteca,...

Na avaliación de Educación Infantil, trátanse catro campos de actuación:

- Interaccións entre as persoas implicadas no proceso educativo.
- As condicións organizativas e os recursos dispoñibles.
- Desenrolo das capacidades dos nenos e das nenas de acordo cos obxectivos xerais.

-A adecuación das programacións e do proxecto curricular.

A forma en que comunicarei ás familias a información do que avalío, terá carácter trimestral, plasmado nun boletín. Dado o fin retroalimentario da avaliación, non podo obviar na programación a avaliación do noso traballo: AUTOAVALIACIÓN.

10. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO.

As relacións familia- escola son imprescindibles, xa que a Educación Infantil é unha tarefa compartida entre pais e educadores. A correspondencia que debe existir entre ambos será de confianza e sinceridade mutuas, para levar a cabo accións conxuntas intencionadamente educativas e acadar que o neno/a perciba unha liña de acción continua, sen brechas.

Manteranse entrevistas coa familia nas que recoller datos do neno (avaliación inicial) e informarse acerca da planificación educativa que vou levar a cabo. Implicarenses escola e familia de tal modo que esta se sinta parte integrante e necesaria para o desenvolvemento educativo do seu fillo.

A relación coas familias materialízase en dous ámbitos: comunicativo e participativo.

Ámbito comunicativo: paneis informativos, entrevistas, cuestionarios, informe individual, notas informativas, reunións, contacto informal,....

Ámbito participativo: presencial (obradoiros, presentación de informacións, demostracións, asistencia a reunións de tipo festivo,...) e non presencial (aportando o material solicitado e outro material para complementar o traballo da aula, continuar na casa cas pautas da escola para seguir unha mesma liña educativa,...)

En canto á participación dos pais no funcionamento do centro, debo facer referencia ao Decreto 374/1996 do 17 de outubro no que se regula o Consello Escolar e as ANPAS (Asociación de Nais e País) así coma os aspectos nos que as familias poden intervir.

11.PERIODO DE ADAPTACIÓN ALUMNADO DE 3 ANOS.

Ó igual que nos anos anteriores durante practicamente todo o mes de setembro os nenos/as que chegaban por primeira vez ó centro sometíanse a un periodo de adaptación, co fin de facilitar a súa inclusión no mesmo.

A entrada na escola significa certamente o primeiro achegamento a un espazo educativo e de relacións que acompañará ao neno/a durante moitos anos da súa vida, pero por

outro lado tamén trae consigo (na maioría dos casos) a primeira separación do seu medio familiar.

Non é un momento fácil de levar, nin para os pequenos/as, nin para as súas familias, de aí que sexa axeitada unha minuciosa elaboración desta separación, coidando a continuidade do apego entre pais, nais e docentes e a transición entre ámbolos dous contextos.

Así, ata o 30 de setembro, o alumnado de 3 anos contou cun horario especial onde progresivamente se iba ampliando o número de alumnos/as que compartían espazo e o tempo de permanencia. Ademais das mestras titoras estiveron acompañadas polas dúas mestras de apoio todo o tempo ó longo deste proceso.

Os obxectivos do periodo de adaptación son:

1. Facilitar o tránsito dun espazo familiar ou dunha organización escolar cunhas relacións coñecidas, a outro espazo escolar con novos tipos de relación.
2. Conseguir que a adaptación do alumnado á escola sexa a idónea para o seu correcto desenvolvemento.
3. Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización temporal diferente e a un mundo relacional distinto.
4. Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar.
5. Xerar relacións vinculares entre nenas e nenos, as súas familias e o profesorado, baeadas na confianza e na profesionalidade.
6. Compartir información relevante entre as familias, o profesorado e o alumnado para mellorar o coñecemento mutuo.
7. Descubrir o gozo de estar cos iguais nun ambiente estimulante.

O periodo de adaptación é favorable para os nenos/as, pero tamén para as súas familias e incluso para as mestras que impartiran clase ós grupos.

12. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

4º Educación Infantil

Áreas

1. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- ♦ Contribución ás Competencias clave.

De grande interese para o desenvolvemento e concreción da perspectiva integradora que ha de caracterizar a etapa será o referente das competencias básico-crave.

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal coopera ao desenvolvemento do conxunto, pero resulta destacable a súa achega ás seguintes: social e cidadá, aprender a aprender e, moi especialmente ao coñecemento de si mesmo e autonomía persoal. O estímulo á competencia autonomía e iniciativa persoal supón traballar para favorecer no neno o coñecemento de si mesmo, das emocións, dos sentimentos, dos condicionantes da súa actividade, das posibilidades, o trazado de plans sinxelos relacionados coa acción e relación cos outros e co medio.

Manifestarase, gradualmente, a través de progresos do seguinte tipo:

- Un uso cada vez máis eficaz do propio corpo no desenvolvemento das rutinas, no incremento de iniciativas e as súas alternativas, na seguridade que se adquire ao realizar as actividades, no cálculo de riscos e na responsabilidade por concluílas dunha forma cada vez máis correcta.
- Unha actuación máis segura, eficaz e autónoma no manexo de útiles, nas rutinas persoais de alimentación, vestido, aseo e descanso, no desexo de afrontar novas tarefas asumindo certos riscos.
- Un desenvolvemento do autoconcepto que integrará un conxunto de claves para interpretar a realidade que o rodea e, especialmente, as relacións cos demais: coñecer os seus trazos físicos, os seus intereses, as súas necesidades, as súas posibilidades pode favorecer unha actuación natural e sen inhibicións nas distintas situacións.
- A posibilidade de manifestar e asumir o afecto das compañeiras e compañeiros que o rodean, interesarse polos seus problemas ou contribuír á súa felicidade.
- Progresos no control do seu comportamento e tolerancia á frustración de non obter o que queren cando o queren e o fracaso de que as cousas non saian como se pide, especialmente cando o esforzo non foi suficiente. A competencia para aprender a aprender implica avanzar na adquisición dun nivel básico naquelas habilidades e destrezas que permiten progresar gozando de acordo coas esixencias de cada situación.

Suporá:

- Utilizar a observación, manipulación e exploración para coñecer mellor o mundo que o rodea.
- Organizar a información de acordo coas súas calidades e categorías.
- Establecer sinxelas relacións causa e efecto.
- Respetar unhas normas básicas sobre o traballo, as posturas necesarias, os tempos e o espazo e o uso dos materiais e recursos de forma ordenada e coidadosa.

Polo que respecta á competencia social e cidadá, queremos subliñar que o noso proxecto aborda as relacións próximas: a familia, os amigos, os compañeiros, o coñecemento das emocións e sentimentos en relación cos demais, a asertividade, as actitudes de diálogo, de resolución de conflitos e a reflexión sobre os mesmos. O traballo despregado en habilidades e destrezas nesta competencia permitirá aos nenos relacionarse cos demais de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.

De gran transcendencia resulta o coñecemento e a interacción co mundo físico. Moitas das aprendizaxes que integra a área están centradas na forma de relación do ser humano co mundo que o rodea; todas aquelas accións que fagan posible o coñecemento e valoración dos compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas relacións, cambios e transformacións. Todo iso será medio para perseguir o aprecio e a valoración do que o rodea desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

Inclúe tamén contidos relacionados coa competencia matemática: iniciarse nalgunhas habilidades matemáticas a partir da manipulación de obxectos, da identificación dos seus atributos e calidades, e establecendo relacións de clasificación, orde e cuantificación.

A área inclúe, ademais, contidos directamente relacionados co desenvolvemento das restantes competencias:

- Competencia en comunicación lingüística: aumento da riqueza en vocabulario específico que lle permitirá falar sobre si mesmo, expresar ideas e sentimentos de forma apropiada e expresarse co xesto e o movemento mediante a linguaxe corporal.
- Tratamento da información e competencia dixital. A autonomía persoal manifestarase no uso de mecanismos de acceso, como acender e apagar, usar o rato ou as iconas, imprimir, buscar información abrindo e pechando fiestras para localizar e extraer, seguir ligazóns, manexar programas sinxelos, utilizar programas sinxelos de debuxo para expresarse.
- A competencia artística e cultural estímúlase a partir do achegamento e estudo ás manifestacións culturais: festas, costumes, vivenda, vestido, gastronomía, pautas de vida e a valoración da súa diversidade.

◆ Obxectivos

- Coñecer e controlar o corpo e os seus diferentes segmentos.
- Identificar o sexo masculino e feminino.
- Coñecer os órganos dos sentidos e as súas funcións.

- Respeitar as características diferenciais dos demais.
- Aprender pautas básicas de convivencia, respectando as diferenzas.
- Progresar na adquisición de hábitos de hixiene persoal.
- Adquirir hábitos de orde e limpeza no colexio e na casa.
- Manifestar sentimentos e emocións básicas.
- Exercitar as habilidades grafomotoras básicas.
- Mellorar a coordinación motriz en accións relacionadas co vestir.
- Comprender a necesidade de protexerse do frío
- Fomentar a orde e o coidado do medio.
- Adaptarse progresivamente ao medio escolar.
- Favorecer o coidado e a orde das propias pertenzas.
- Adquirir a coordinación óculo-manual para a realización de trazos e debuxos.
- Experimentar as nocións espaciais “arriba/abaixo”, “lonxe/preto”
- Descubrir as posibilidades expresivas do corpo.
- Experimentar sensacións novas por medio da linguaxe da representación.
- Mellorar a autonomía persoal no vestir.
- Desenvolver hábitos e actitudes de colaboración coa familia.
- Adaptar o comportamento ás distintas celebracións.
- Utilizar adecuadamente elementos hixiénicos no baño.
- Compartir os xogos e os xoguetes cos iguais.
- Colaborar na recollida de xoguetes.
- Adquirir un maior control do trazo semicircular ascendente. Experimentar e gozar das accións motrices propias. Adquirir hábitos alimenticios sans.
- Lograr maior autonomía no proceso de alimentación. Fomentar a práctica de rutinas relacionadas co aseo. Desenvolver comportamentos precavidos respecto aos medicamentos e a enfermidade.
- Exercitar os trazos.
- Exercitar as grafías dos números 1, 2 e 3.
- Mellorar a coordinación óculo-manual no manexo de utensilios relacionados coa alimentación e a saúde.
- Interiorizar o esquema corporal. Identificar e expresar os propios gustos.
- Desenvolver sentimentos de respecto e coidado cara aos animais.
- Manter a hixiene persoal no trato con animais e con plantas. Desenvolver condutas e actitudes que eviten riscos relacionados con animais.
- Experimentar sensacións novas por medio da linguaxe da representación.

- Realizar diferentes tipos de desprazamentos.
- Mostrar actitudes comprensivas e empáticas.
- Adoptar medidas de protección ante os cambios climáticos e os riscos do medio natural.
- Adquirir habilidades grafomotoras básicas.
- Desenvolver sentimentos de respecto e coidado cara aos animais e as plantas.
- Desenvolver a capacidade de manter o equilibrio en diferentes situacións.
- Utilizar as posibilidades motrices e expresivas para imitar aos animais. Desenvolver sentimentos de respecto e coidado cara aos animais e ás plantas.
- Desenvolver condutas e actitudes que eviten riscos relacionados con animais.
- Aprender a escoitar aos compañeiros e adultos.
- Interpretar e reproducir posturas corporais: animais da selva. Gozar das posibilidades expresivas do corpo.
- Identificar as características diferenciais do propio sexo. Adquirir hábitos correctos de desprazamento pola vía urbana. Recoñecer habilidades e calidades de un mesmo.
- Tomar conciencia do control do propio corpo.
- Adquirir habilidades grafomotoras básicas: o trazo circular e as graffas do 1 ao 3.

◆ Secuencia de contidos

1. Características diferenciais do corpo: sexo, pelo, pel etc.
2. Os sentidos e os seus órganos.
3. Normas de convivencia na aula.
4. Hábitos de hixiene e coidado do corpo.
5. Limpeza, orde e coidado da aula.
6. Sentimentos e emocións: alegría, tristeza.
7. Medidas de protección ante os cambios climáticos.
8. Hábitos de limpeza e coidado do medio natural.
9. Accións relacionadas co vestido.
10. Hábitos de orde e coidado.
11. A expresión corporal.
12. Sensacións e percepcións do propio corpo.
13. Medidas de protección ante o frío.
14. A alimentación en días de festa.
15. Esquema corporal: partes da cara e segmentos do corpo.
16. Rápido/lento.
17. A respiración.
18. Hábitos de hixiene e coidado do corpo: lavado de mans e dentes.
19. Orde nas diferentes dependencias da casa.
20. Normas elementais de convivencia: compartir.
21. As posibilidades motoras do corpo.
22. As calidades perceptibles dos obxectos.
23. Hábitos alimenticios sans.
24. Normas de comportamento no comedor.
25. Rutinas de aseo persoal.
26. A enfermidade.
27. Precaucións cos medicamentos.
28. As partes externas do corpo e a súa situación precisa.
29. A orientación nos espazos coñecidos.
30. Os propios gustos e preferencias.
31. Pautas de respecto e coidado cara aos animais.
32. A hixiene en relación cos animais.
33. Pautas de precaución no trato cos animais.
34. Sentimentos e emocións propias e alleas.
35. Petición de axuda.

36. Medidas de protección ante os cambios climáticos. 37. Rutinas asociadas ao bo tempo. 38. Normas de respecto da natureza. 39. Trazos. 40. Movementos e sons de animais. 41. A capacidade de escoita. 42. Normas de precaución relacionadas cos animais. 43. Posibilidades expresivas do corpo. 44. Características diferenciais do propio sexo. 45. As capacidades dun mesmo. 46. Interiorización do esquema corporal: partes da cara e do corpo. 47. Utilización dos sentidos na exploración do propio corpo. 48. Discriminación das características diferenciais propias e dos demais. 49. Identificación dos órganos sensoriais e asociación aos sentidos correspondentes. 50. Aceptación e adecuación á normativa da clase. 51. Exercitación de hábitos básicos de hixiene. 52. Colaboración na recollida de materiais e no coidado da aula. 53. Manifestación de estados de ánimo: alegría, tristeza, enfado. 54. Exercitación dos trazos. 55. Exploración da temperatura exterior. 56. Identificación das necesidades de abrigo. 57. Coordinación global na acción de quitar/poñer o abrigo. 58. Experimentación das posibilidades de movemento do propio corpo. 59. Organización das prendas nun armario. 60. Contribución na orde e coidado dos obxectos e xoguetes da clase. 61. Aprendizaxe das normas de xogos colectivos. 62. Utilización das posibilidades expresivas do corpo. 63. Adaptación da postura na interpretación dun personaxe. 64. Planificación da propia acción seguindo un fío condutor no xogo simbólico. 65. Recoñecemento de hábitos alimenticios equilibrados. 66. Participación activa en festas e celebracións. 67. Realización progresivamente autónoma para poñerse e quitarse a roupa de abrigo. 68. Control dos trazos. 69. Experimentación co corpo dos conceptos temporais rápido/lento. 70. Uso adecuado dos útiles de aseo. 71. Identificación dos elementos correspondentes a cada dependencia da casa. 72. Colaboración na recollida de xoguetes. 73. Enumeración das normas dos xogos. 74. Participación en xogos de grupo. 75. Realización autónoma de rutinas de hixiene como o lavado de mans e dentes. 76. Coordinación de movementos conseguindo desprazamentos harmónicos. 77. Práctica de hábitos e rutinas diarias relacionadas coa alimentación e a saúde. 78. Manipulación de utensilios relacionados coa alimentación e o aseo. 79. Identificación das rutinas de hixiene básicas. 80. Identificación dos síntomas da enfermidade. 81. Exercitación de actitudes precavidas ante os medicamentos. 82. Exercitación grafomotora dos trazos e das grafías dos números 1, 2 e 3. 83. Distinción das diferentes partes do corpo. 84. Manifestación dos gustos persoais. 85. Discriminación de accións respectuosas e coidadosas cos animais. 86. Práctica de hábitos de hixiene no trato con animais. 87. Evocación de situacións, con algúns animais, que nos esixen ser precavidos. 88. Reprodución de sons e de movementos dos animais. 89. Coordinación de diferentes movementos a diferentes velocidades e alturas, conseguindo desprazamentos

Desenvolver accións que favorezan a adaptación do novo alumnado, profesorado e a súa interacción cos demais.

Favorecer a formación integral do alumnado tendo en conta os principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz cara a participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.

Promover a participación e implicación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas no que demanden e precisen, facéndolle ver a importancia da estimulación dos seus fillos/as, da promoción da súa autonomía, dos valores a considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo o relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe e coa formación dunha sociedade para a convivencia democrática.

18.- Educación en valores.

Dende a clase de lingua inglesa trataremos de contribuir o desenvolvemento da

educación en valores, este curso facendo especial fincapé na educación para a saúde.

19.- Actividades extraescolare e complementarias.

Ó longo do curso realizaranse as seguintes actividades complementarias:

- . - *Halloween*
- . - *Christmas*
- . - *Easter*

Tamén cabe a posibilidade de traballar outras conmemoracións tendo en conta as actividades do centro.

Este curso as actividades complementarias serán todas a nivel de aula debido a situación sanitaria que estamos vivindo.

20.- Procedementos para avaliar a propia programación.

Para avaliar a propia programación, deberanse ter en conta, a fin de ter unha avaliación positiva de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento adecuado da programación.
- Relación entre os obxectivos e contidos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas.
- Adecuación dos obxectivos e contidos ás necesidades reais.
- Adecuación dos medios e metodoloxía ás necesidades reais.
- Grao de autonomía e esforzo na realización dos seus traballos.

Para a recollida desta información utilizaremos:

- Observación directa e sistemática do alumnado.
- Seguimento dos traballos realizados individualmente ou en grupo.
- Comprobación e interese da participación nas actividades individuais ou colectivas.
- Entrevistas ou diálogos directos cos titores/as dos alumnos.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA MÚSICA 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Falarnos de música implica obrigatoriamente falar de emocións. Todos experimentamos algunha vez sensacións como o medo, a nostalxia ou a ledicia como resposta ante estímulos sonoros ou cancións determinadas, e a sentir non se ensina, nácese sentindo. Isto implica que a música ten a innegable capacidade de influír nos seres humanos dende o comezo do noso ciclo vital. A música conforma deste xeito unha excelente ferramenta comunicativa que será importante coñecer, saber utilizar e valorar como vehículo expresivo de emocións e ideas.

Resulta imprescindible sinalar, que durante a etapa da Educación Infantil a música non só nos achegará ó mundo do son e as súas características, senón que contribuirá ó desenvolvemento integral dos alumnos abarcando as tres grandes áreas formativas (psicomotriz, afectivo-social e cognitiva) e traballando elementos tan importantes como a atención, o perfeccionamento da fala, a memoria, a coordinación, ou a socialización.

A programación da área de Educación Musical exposta neste documento está deseñada para ser implementada no 2º ciclo da etapa de Educación Infantil ó longo do ano académico 2020/2021.

2. OBXECTIVOS.

Os obxectivos defínense como referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

Para a etapa de Educación Infantil atopamos os seguintes obxectivos xerais, ós que contribuiremos dende a área de Educación Musical tal e como se explica na táboa que se presenta a continuación.

OBX 01	Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas. Dende a Educación musical este obxectivo será tratado a través do descubrimento do propio corpo como ferramenta comunicativa e expresiva a través da interpretación musical e da expresión corporal.
OBX 02	Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social. Este obxectivo será tratado a partir de actividades relacionadas co coñecemento do entorno sonoro a través da escoita analítica e activa e a diferenciación das cualidades dos sons.
OBX 03	Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais. Neste aspecto, a produción sonora e artística a través do feito musical potenciará a iniciativa e a confianza en si mesmos en gran medida.
OBX 04	Desenvolver as súas capacidades afectivas. A relación da música e das emocións axudará á comprensión destas así como o traballo colaborativo na

	interpretación musical afianzará os lazos afectivos cos compañeiros e co resto da comunidade educativa involucrada.
OBX 05	Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
	De xeito semellante que o obxectivo anterior, a relación interpersonal a través da práctica musical en grupo permite sentirse partícipes dun mesmo proxecto, reforzando os lazos afectivos e relacionais coas demais persoas que conforman o seu entorno.
OBX 06	Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
	A expresión tanto a nivel musical, como a nivel oral sobre as impresións producidas polo feito sonoro incidirán sobre a capacidade comunicativa dos discentes, axudando tamén na adquisición de elementos como a linguaxe e a expresividade en tódolos formatos de representación.
OBX 07	Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
	Como explicamos anteriormente, a música está cimentada en estruturas rítmicas de carácter numérico, que os alumnos poderán experimentar a un nivel instintivo con anterioridade á súa conceptualización, favorecendo o aprendizaxe significativo así como o cálculo mental e conceptos matemáticos elementais.
OBX 08	Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
	Neste obxectivo o feito musical posúe un carácter elemental.
OBX 09	Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
	A utilización de dispositivos de reprodución audiovisual en actividades e pequenos xogos rítmico-melódicos achegará o uso de tecnoloxías a un nivel básico ó alumnado desta etapa educativa.

3. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR ÁREAS

A etapa de Educación Infantil atópase dividida en tres grandes áreas de desenvolvemento:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno
- Linguaxes: Comunicación e representación.

Se ben a área de Educación Musical terá relación con todas e cada unha das áreas e con gran parte dos seus contidos, debemos salienta que se relaciona de xeito máis estreito coa área “Linguaxes: Comunicación e representación”. Nesta área atopamos obxectivos específicos nos que a actividade en torno ó son e á música terá unha incidencia directa. Entre ditos obxectivos debemos salienta os seguintes:

A3O B01	Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de go
A3OB 02	Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais -o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto- como elementos xenuínos da comunicación humana.
A3OB 03	Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos
A3OB 05	Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.
A3OB 10	Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...

A3OB 11	Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
A3OB 12	Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.
A3OB 13	Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC -ordenadores, a internet, encerado dixital interactivo, escáner, vídeo ...- como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

4. CONTIDOS

Na materia de música os contidos recollidos polo currículo para esta etapa educativa están organizados en distintos bloques, e estes bloques á súa vez agrúpanse en cada unha das tres áreas principais nomeadas no punto anterior. Dentro da área relacionada coa Educación Musical (Linguaxes: Comunicación e Representación) podemos atopar os seguintes bloques de contidos:

Bloque 1: Linguaxe verbal.

Bloque 2: Linguaxe artística: plástica-musical-corporal.

Bloque 3: Linguaxe audiovisual.

Os contidos referentes ó feito sonoro e musical atópanse localizados no segundo bloque desta área. Este bloque inclúe todos aqueles medios de expresión artística que favorecen a sensibilidade estética, a apreciación e a manifestación creativa das nenas e dos nenos. Recollerá todos aqueles contidos que se refiran á capacidade creativa para comunicar, representar e expresar a realidade a partir da elaboración orixinal que fan os nenos e nenas desde os seus sentimentos, ideas, experiencias e sensibilidade, a través de diversas linguaxes artísticas, como a linguaxe plástica, a linguaxe musical e a linguaxe corporal. Os contidos relacionados coa área de Educación musical neste bloque serían os seguintes:

A3B2 C01	Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.
A3B2 C02	Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.
A3B2 C04	Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión -cor, forma, liña, movemento, volume, texturas, ritmos, melodías, timbres, entre outros- que lles permitan ás nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética.
A3B2 C09	Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquejos para a consecución dunha melloría na produción.

A3B2 C10	Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.
A3B2 C11	Vivencia do son e do silencio.
A3B2 C12	Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.
A3B2 C13	Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.
A3B2 C14	Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.
A3B2 C15	Creación, mediante a música e o baile, dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos, mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as propias creacións.
A3B2 C16	Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e mais o intercambio afectivo.
A3B2 C17	Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal -mimo, monicreques, teatro de sombras...- colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada.

No tocante á secuenciación dos contidos ó longo do curso debemos destacar que, dada a natureza da música, do son e dos seus elementos, haberá multitude de contidos que serán traballados en repetidas ocasións ó longo de todo o curso. Exemplo de estes serían elementos específicos da linguaxe musical, xa sexan conceptuais ou intuitivos, as características do son ou a capacidade de escoita activa, analítica e consciente, polo que non posuirán unha temporalización exclusiva ou delimitada, mentres que outros máis puntuais poderán ser enmarcados nunha secuenciación concreta de unidades didácticas. Isto quere dicir que moitos contidos serán traballados de xeito globalizado mesturándose simultaneamente na súa aplicación práctica ó longo de todo o curso.

5. COMPETENCIAS CLAVE.

As Competencias Clave son o conxunto de aprendizaxes, habilidades e actitudes de todo tipo, adquiridos en diversos contextos, que son aplicados en diferentes situacións da vida real e académica. A educación musical persigue a adquisición, por parte do alumnado, de todas elas mediante a utilización de diversas liñas metodolóxicas e recursos didácticos así como a través dos contidos enmarcados en distintos tipos de actividades. A continuación amósase un listado das sete Competencias Clave e como cada unha delas é tratada a través da educación musical.

Comunicación Lingüística (CCL): Referida ó dominio de destrezas comunicativas en diversos rexistros así como á capacidade de comprensión. A música é en si un tipo de

linguaxe, e como tal, permite traballar a capacidade comunicativa a diversos niveis a través de multitude de procedementos. Entre eles podemos nomear como exemplos a lecto-escritura musical, a utilización de diversos medios de representación de información (grafía convencional e non convencional) ou a creación e representación de mensaxes musicais. No tocante á linguaxe verbal, elementos como a interpretación de cancións ou a expresión das ideas propias sobre o análise do feito sonoro e musical permitirá o afondamento na adquisición desta competencia concreta.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): Relacionadas coa iniciativa científica, o desenvolvemento do espírito investigador e a utilización dos números como linguaxe. En primeiro lugar, no tocante a área puramente matemática, debemos sinalar que todas as estruturas rítmicas presentes no feito musical están compostas por valores numéricos. A través do seu análise, composición e descomposición o alumnado traballará elementos directamente relacionados coa linguaxe numérica, como o cálculo mental ou o achegamento ó concepto xeral de fracción (parte dun compás). En canto á iniciativa científica podemos destacar contidos a tratar como o descubrimento das posibilidades sonoras do propio corpo así como dos materiais en canto á produción sonora.

Competencia dixital (CD): Esta competencia refírese ó dominio das novas tecnoloxías e á valoración do impacto destas na sociedade. Será abarcada na área de música mediante a utilización de recursos como o taboleiro dixital interactivo para a realización de pequenos xogos educativos ou actividades sobre contidos concretos, ou ferramentas de reprodución de material audiovisual.

Aprender a aprender (CAA): Correspóndese coa habilidade para iniciarse no aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades. A actividade musical desenvolverá elementos como a atención, a memoria ou o ordenamento lóxico, que resultan enormemente relevantes para a adquisición desta competencia.

Competencias sociais e cívicas (CSC): Esta competencia baséase no análise e comprensión da realidade social na que vivimos. A través da música realizaremos multitude de actividades en diferentes formatos e agrupamentos que desenvolverán a expresión e valoración das opinións propias e alleas, o traballo en equipo e a responsabilidade individual no resultado dun proxecto.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): Aquí conflúen a autonomía persoal e a iniciativa así como a valoración do entorno social que nos rodea. Mediante actividades relacionadas coa creación de contido musical desenvolveremos a

autonomía, a iniciativa persoal e a creatividade fomentando así a adquisición desta competencia.

Conciencia e expresións culturais (CCEC): Esta competencia engloba o coñecemento, o respecto e a valoración das diferentes culturas do noso mundo así como da propia, polo que o seu vínculo coa actividade musical de toda índole é innegable. Será tratada de xeito directo a través de todas e cada unha das actividades relacionadas coa música.

6. METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada nesta área estará baseada, por unha parte, nos principios establecidos polas teorías do aprendizaxe cognitivo e do construtivismo, e por outra, dos recursos educativos formulados polos pedagogos musicais do século XX.

Cabe destacar que, baixo esta perspectiva cobrará especial relevancia tomar consideración dos principios psicopedagóxicos de intervención educativa formulados ó amparo das teorías constructivistas. Deste xeito partiremos da achega á realidade do alumnado, a través do coñecemento das súas circunstancias e conceptos previos para constituír procedementos, na medida do posible, activos, participativos e motivadores que permitan a expresión espontánea do alumnado e a aparición de aprendizaxes significativas.

Para o desenvolvemento desta programación combinaremos recursos educativos asociados a diferentes métodos de xeito flexible, onde a necesidade educativa puntual impera á hora de escoller os procedementos concretos. Deste xeito, os métodos propostos por Jaques Dalcroze, Orff-Wuytak e Zoltan Kodály cobrarán especial relevancia procurando o desenvolvemento rítmico mediante actividades que asocien o movemento e a linguaxe a patróns sonoros, o desenvolvemento melódico mediante a interpretación vocal de cancións ou pequenas pezas melódicas, e o desenvolvemento da creatividade a través da improvisación rítmica e melódica dende a utilización do propio corpo como instrumento de creación sonora. En canto ó desenvolvemento audio-perceptivo afondaremos na capacidade de escoita activa e consciente a través do coñecemento e análise básico dos sons do entorno así como de pequenas obras musicais e cancións ou mesmo obras audiovisuais relevantes en relación ós contidos ou centros de interese da unidade didáctica concreta.

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

De acordo co disposto no artigo 4 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro* anteriormente citado, o proceso de ensino-aprendizaxe levarase a cabo baixo os principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, flexibilidade e accesibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia, autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

Para a planificación dunha acción educativa baixo estes parámetros resultará de vital importancia ter en consideración os principios psicopedagóxicos de intervención educativa xa expostos no apartado de metodoloxía do presente documento. A aplicación práctica de ditos principios implicará o establecemento de medidas ordinarias que se levarán a cabo co fin de atender a diversidade e as diferentes características do alumnado con carácter xeral cando sexa necesario. Dentro desas medidas ordinarias destacan as seguintes:

- Elaboración dunha programación flexible co fin de adaptarse ás circunstancias ou situacións de carácter tanto ordinario como eventual. Esta flexibilización deberá contemplar distintos elementos que compoñen dita programación, como os tempos, os instrumentos de avaliación, a secuenciación de contidos ou os instrumentos e procedementos de avaliación entre outros.
- Facer uso do persoal de apoio e reforzo dispoñible do centro naqueles supostos que requiran un nivel de atención por enriba do habitual.
- Elaboración de programas de reforzo, ampliación ou mesmo recuperación de contidos nos casos que o precisen.
- Elaboración de programas específicos personalizados, nos casos que o precisen, tendo sempre en conta o criterio dos titores así como dos especialistas do departamento de Orientación Educativa.

No tocante ó alumnado con necesidades educativas específicas, que precisen de estratexias ou medidas adaptadas á súa casuística debemos destacar o permanente contacto e consello, en primeira instancia coa titora do curso correspondente, e en segundo lugar co Departamento de Orientación do centro, así como dos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Esta coordinación docente permitirá deseñar, poñer en marcha ou reconducir, se é o caso, estratexias concretas adaptadas á realidade dos discentes.

8. ACTIVIDADES

De cara ós tipos de actividades e agrupamentos que vertebrarán a rutina educativa na área de Educación Musical, resulta imprescindible sinalar que as circunstancias nas que comeza o presente ano académico obrigan a reformular, sobre todo, os tipos de agrupamentos tradicionalmente levados a cabo nesta disciplina. Deste xeito, e ata a consolidación dunha realidade sanitaria que permita flexibilizar a acción educativa, actividades de gran grupo como a realización de danzas, actividades de movemento que impliquen desprazamento ou a interpretación de cancións cantando ó unísono só serán susceptibles de ser realizadas unicamente en espazos onde a distancia de seguridade permita a súa execución de xeito seguro. Igualmente, as actividades de tipo colaborativo, tanto en pequeno como en gran grupo, serán restrinxidas a aquelas nas que non se precise compartir ningún tipo de material ou impliquen proximidade física entre o alumnado que rebase os límites de distanciamento social.

De cara ó desenvolvemento e temporalización das sesións as actividades dividiranse nos seguintes tipos:

- Actividades iniciais: Baseadas no análise dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a tratar ou repaso de conceptos clave relacionados con eles.
- Actividades centrais: Actividades relacionadas cos contidos concretos a tratar, xa sexa a través da interpretación de pezas ou fragmentos rítmicos e melódicos usando o propio corpo como instrumento de expresión, da exposición a material audiovisual relacionado con contidos específicos da área ou realización de fichas sinxelas sobre distintos ámbitos do son e do feito musical.
- Actividades finais: Destinadas a consolidar os coñecementos adquiridos ó longo da sesión, como a recapitulación dos conceptos clave, ou a preparar ó alumnado para continuar coa xornada educativa en condición óptimas, como poden ser actividades de relaxación.

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

Co fin de dar unha resposta educativa o máis completa posible, motivadora e adaptada ás necesidades específicas do alumnado, debemos sinalar que os materiais e recursos didácticos a empregar serán moi variados. Entre eles cabería destacar a utilización dos dispositivos dixitais (reproducción de música ou material audiovisual relacionado cos contidos específicos a tratar), instrumentos musicais de percusión, material funxible de todo tipo, ou materiais aproveitables de refugallo. Ante as

circunstancias concretas de este curso académico trataremos de reducir na medida do posible a utilización de materiais funxibles primando aqueles recursos materiais susceptibles de ser reutilizados e desinfectados cumprindo tódalas medidas de seguridade sinaladas polo centro. Neste contexto no que nos vemos inmersos, planificar con antelación, e ter a man diversos materiais e recursos educativos en todo momento será unha peza clave á hora de flexibilizar a actividade docente, ofrecendo vías alternativas para reconducir o proceso de ensinanza-aprendizaxe ante calquera dificultade.

10. AVALIACIÓN

A Avaliación de todo o proceso educativo debe ser global e continua. Será continua, avaliando aspectos clave da acción educativa e dos resultados a tempo real, co fin de establecer as medidas de reaxuste necesarias ante calquera dificultade aparecida. Por outra banda será global, comprendendo todos os elementos que configuran o proceso ensino-aprendizaxe, tendo sempre presentes as metas xerais. O proceso de avaliación posúe diversos ámbitos que pasamos a analizar detidamente a continuación:

- ◆ **Temporalización:** Distinguiremos diferentes momentos no proceso de avaliación enfocados a diferentes finalidades:

Avaliación inicial: procura información co fin de establecer un punto de partida para construír en base ós coñecementos previos do alumnado.

Avaliación procesual: Terá lugar ó longo do desenvolvemento da actividade educativa usando os procedementos e instrumentos idóneos. Esta terá como obxectivo realizar un seguimento da acción educativa, que permita reconducir o proceso de ensinanza-aprendizaxe superando as dificultades detectadas.

Avaliación final: Busca analizar a maior ou menor consecución dos obxectivos propostos. Cada etapa requirirá diversos métodos de avaliación, xa que estamos a recoller información diferente en función dos contidos ou centros de interese. Ó remate de cada trimestre levaremos a cabo unha avaliación que comprenda todos os aspectos traballados nese período de tempo.

- ◆ **Procedementos e instrumentos de avaliación:**

Dado o carácter temporal e efémero que posúe o feito musical, e polo tanto gran parte das actividades que conforman a área, o principal procedemento de avaliación será a observación sistemática e as probas tanto de carácter oral como escrita. Estes procedementos serán susceptibles de ser utilizados indistinta e incluso

simultaneamente agrupando un ou máis procedementos en cada tipo de actividade ou tarefa. Do mesmo xeito, cada procedemento de avaliación poderá vincularse a diversos instrumentos atendendo á natureza dos contidos avaliados. Como instrumentos máis usados para a avaliación do alumnado podemos destacar o diario de clase, as listas de control ou as escalas de valoración sobre actividades concretas entre outras.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE ANIMACIÓN Á LECTURA NO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

INTRODUCCIÓN

Unha das finalidades da escola é proporcionar aos nenos e nenas unha educación completa que abarque os coñecementos e as competencias básicas que resultan necesarias na sociedade actual.

O ser humano é social por natureza e necesita a convivencia cos demais.

Co obxecto de que se leve a cabo unha adecuada socialización, esta convivencia debe estar impregnada de valores sociais e democráticos.

Para que os nenos/as adquiran estes valores que mellor maneira que traballalos a través dos contos. Por iso, é de especial importancia dar relevancia ós contos na aula, e de paso os nenos/as iranse familiarizando coa práctica da lectura.

Concretamente, os contos constitúen o primeiro contacto de carácter literario que os nosos alumnos/as teñen coa lingua, transmiten coñecementos e presentan situacións e conflitos que as persoaxes han de resolver, axudándonos a desenvolver a imaxinación, a curiosidade, e o pensamento.

Unha vez á semana as mestras de apoio levaremos a cabo unha sesión de animación á lectura en tódalas aulas de Educación Infantil.

QUE ENTENDEMOS POR ANIMACIÓN Á LECTURA?

A animación á lectura é o conxunto de recursos e estratexias que facilitan o achegamento dos nenos e nenas aos libros de imaxinación e á literatura oral dun modo lúdico e pracenteiro.

OBXECTIVO XERAL - Animar á lectura desde unha perspectiva lúdica.

OBXECTIVOS DE ANIMACIÓN Á LECTURA -

Gozar coa lectura e a narración de contos populares e libros de animación.

- Despertar o interese pola lectura e pola música.
- Descubrir a diversidade dos libros e as súas posibilidades lúdicas, estéticas, expresivas, recreadoras, creativas, etc.
- Aprender coa lectura: vivenciar outros mundos e realidades.

- Fomentar a sensibilidade, a afectividade e o gusto estético.
- Transmitir valores positivos (solidariedade, estima á natureza, respecto aos demais,..).
- Compartir as experiencias lectoras, ter a oportunidade de transmitir os seus sentimentos.
- Difundir a literatura oral e escrita en galego e castelán.
- Distinguir entre os xéneros literarios: narrativa (conto) e poesía.
- Conseguir centrar a atención durante a narración do conto, logrando a escoita activa.
- Conseguir que participen activamente na actividade.
- Desenvolver a creatividade e a imaxinación.
- Fomentar a expresión oral.
- Desenvolver a motricidade fina ao debuxar ou pintar.
- Memorizar e cantar cancións de contos.
- Identificar os persoaxes e obxectos do conto.
- Desenvolver a atención e comprensión.
- Educar en valores, concienciando aos alumnos/as das cousas que nos diferencian e as cousas que nos fan iguais e de que ser diferentes non é algo malo.
- Fomentar a expresión corporal.
- Desenvolver a expresión das emociónes

CONTIDOS

- Os sentimentos propios e alleos.
- Pautas axeitadas de comportamento.
- Relacións de orde, seriacións, secuencias temporais, quebracabezas.
- Uso e valoración da lingua oral para relatar feitos e comunicar ideas e sentimentos.
- Uso progresivo de léxico variado.
- Contos, poemas, rimas, adiviñas, trabalinguas.
- Achegamento á lingua escrita. Realización de trazos.
- Iniciación no coñecemento e uso das novas tecnoloxías (audiocontos, vídeocontos, kamishibai).
- Debuxos dos personaxes dos contos con diferentes materiais e técnicas.
- Modelado con plastilina de personaxes ou obxectos presentes no conto.
- Memorización dalgunha canción do conto.
- O xesto e o movemento como recurso de expresión.
- Dramatización.
- Valores que transmite o conto (tolerancia, liberdade, respecto,...).

ACTIVIDADES

Trátase de aproveitar a motivación creada polo relato como recurso expresivo para potenciar a súa imaxinación e creatividade noutras formas de expresión: corporal, plástica, musical, lingüística, matemática.

Actividades de expresión corporal:

- Dramatización do conto.
- Recitar pequenos textos poéticos.
- Xogos de mímica.

Actividades plásticas:

- Debuxar, ilustrar frases de contos, portadas,...
- Modelar en plastilina e noutras pastas obxectos e personaxes de contos,...
- Colorear os diferentes personaxes do conto.
- Taller de marcapáxinas.
- Obradoiro de caretas.
- Traballos con volume (construcións, esculturas,...)
- Elaboración de historias empregando coma recurso o Kamishibai

Actividades musicais

- Memorizar e cantar cancións ou pequenos ditos que din algúns personaxes, e acompañar con diferentes ritmos, palmas, etc.
- Traballar os sons e xogar co silencio (dependendo da temática do conto: sons de animais, de medios de transporte,...)

Actividades de uso e coñecemento da lingua:

O conto empregarase para desenvolver a comprensión e a expresión, a aprendizaxe de vocabulario novo e a utilización do diálogo como medio de intercambio comunicativo. Así realizaranse actividades como:

- Preguntas para comprobar a comprensión do conto.
- Adquisición de vocabulario
- Diálogos sobre o conto,...
- Taller de xogos de expresión oral: adiviñas, trabalinguas,...

Actividades de expresión lóxico-matemática.

A través do conto podemos traballar conceptos lóxicos-matemáticos como:

- Conteo de animais, personaxes, obxectos,.... que aparecen no conto.
- Dicir quen aparece primeiro, quen despois, etc...
- Ordenar e secuenciar imaxes do conto.

Outras actividades a realizar na aula:

- Os valores que ensina o conto. (Amizade, respecto polos demais, cariño, gusto polo traballo ben feito, confianza, compañerismo, desinterés, xenerosidade,...)
- Actividades de creatividade. Co conto pódese traballar a creatividade a través de diversas técnicas coma as de Rodari, por exemplo, equivocarse historias, xogos de imaxinar, contos do revés, etc.
- Actividades de escoita de contos grabados
- Contos multimedia e en Internet.
- Visionar na pantalla o vídeo do conto en kamishibai que elaboraron as mestras de Infantil do C.E.I.P O Coto para darlles a benvida ao cole (xuño 2020).

COMPETENCIAS BÁSICAS

A Lei Orgánica de Educación 2/2006, 3 de maio de Educación no seu capítulo III, fala do currículo e no Artigo 6 deste capítulo establece: "Para os efectos dispostos nesta Lei, enténdese por currículo o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas na presente Lei". Así mesmo, o Real Decreto 1630/2006, de 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do ciclo de educación infantil, no anexo, establece que: "Nesta etapa educativa séntanse as bases para o desenvolvemento persoal e social, intégranse aprendizaxes que están na base do posterior desenvolvemento de competencias que se consideran básicas para todo o alumnado."

Do mesmo modo, o decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia cita: O paradigma educacional referente debe ser o de "aprender a aprender" e de "aprender facendo". Cómpre unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica.

O traballo por proxectos facilitan que se poñan en práctica as diferentes competencias básicas, propoñendo tarefas que inciten ao alumnado a mobilizar os seus coñecementos e habilidades. Non podemos olvidar que as competencias básicas, determinan os elementos do currículo, polo que hai que ter en conta: condicionan a selección de obxectivos, de contidos, tamén da metodoloxía e dos criterios de avaliación.

As competencias básicas son, pois, aqueles coñecementos, destrezas e actitudes que todos os individuos necesitan para o seu desenvolvemento persoal e a súa inclusión na sociedade.

Algunhas actividades ou momentos na aula de Educación Infantil onde traballamos as competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL). Podemos traballala na aula a través de pictogramas, contos, carteis da aula, o nome propio dos nenos e nenas, no momento da assemblea, no recuncho do xogo simbólico, entre outros.
 2. Competencia matemática (CMAT). Esta competencia podémola traballar desde a assemblea (conteo de nenos que veñen ao cole, días da semana, datas,...), secuenciando escenas dun conto, a través de formas xeométricas, os números móbiles,...
 3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico (CCIMF). Mediante as saídas ao patio, nas festas populares, celebracións de efemérides, saídas ao parque, á contorna,...
 4. Tratamento da información e competencia dixital (CTICDI). Esta competencia podémola traballar con audiocontos na clase, utilización da cámara dixital para inmortalizar datas sinaladas como os cumpres do mes, entre outros, o visionado do conto en kamishibai que lle fixemos as profes de Infantil do C.E.I.P O Coto para darlles a benvida ao cole (xuño 2020)
 5. Competencia social e cidadá (CSC). Mediante as normas de convivencia e de aula, exposición de anécdotas na assemblea doutros compañeiros, dramatizacións de roles sociais, etc.
 6. Competencia cultural e artística (CCA). Desenvolveremos esta competencia participando en celebracións propias da comunidade, cancións, xogos populares, a través de técnicas plásticas, actividades psicomotrices,...
 7. Competencia para aprender a aprender (CAA). Traballaremos esta competencia utilizando letras magnéticas para escribir o nome, composicións de imaxes de contos,...
 8. Competencia para a autonomía e iniciativa persoal (CAIP). A través do panel "momento- actividade" para anticiparse á actividade que se vai realizar, mediante os cargos de aula como o encargado do día, no momento da merenda favorecendo a creación de hábitos saudables coa actividade "O día da froita", por exemplo.
- A animación á lectura é unha ferramenta máis para achegar ao neno ao mundo das competencias básicas a través dos contos, sempre de maneira lúdica, mediante diferentes actividades que conecten cos intereses e teñan en conta as súas características.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñecer, identificar e representar o corpo globalmente e as súas partes.

- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.
- Explorar os obxectos e elementos da contorna inmediata e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e cualidades.
- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, ordear elementos.
- Utilizar a lingua oral dun modo conveniente para unha comunicación positiva.
- Comprender mensaxes orais, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, poesías, rimas, adiviñas,...
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como un espazo de entretemento e gozo.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propias das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR

Segundo a LOE, é preciso que o alumnado se inicie desde o comezo da escolarización no desenvolvemento das competencias básicas, de xeito que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente.

O paradigma educacional referente debe ser o de “aprender a aprender” e de “aprender facendo”. Cómpre unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica.

O traballo por proxectos facilita que se poñan en práctica as diferentes competencias básicas, propoñendo tarefas que inciten ao alumnado a mobilizar os seus coñecementos e habilidades. Desde a metodoloxía de traballo por proxectos trátase de achegar a escola á vida diaria. Empregando un enfoque globalizador, partindo dos intereses dos nenos e nenas, das súas experiencias e coñecementos previos.

Debido a situación COVID pola que estamos a pasar os nenos están agrupados en mesas de 4 ou 5 alumnos. Co cal os nenos e nenas poderán traballar en pequenos grupos e nunca mesturarse cos das outras mesas.

Estableceremos conversas, contaremos historias, faremos preguntas que precisan a súa resposta, cantaremos, xogaremos a facer rimas entre todos, contaremos o conto, experimentaremos coas onomatopeias... Tamén de forma individual realizarán debuxos, escribirán nome dos personaxes, modelado con plastilina,...

Utilizaranse tamén outras estratexias específicas de animación á lectura:

- Estratexias de escoita activa e narración oral; preguntar, mirar aos ollos, reclamar a súa atención, cambios do tono da voz, onomatopeias,...
- Estratexias de presentación: contar unha historia antes, traballar coa portada,...
- Estratexias de despois de ler: actividades, xogos, talleres,...

A práctica educativa basearase nos seguintes principios metodolóxicos:

- Principio de globalización
- Principio de actividade
- Principio de actividade lúdica
- Principio da pedagogía do éxito
- Principio de consistencia evolutiva
- Principio de aprendizaxe significativa
- Principio de actividade autoestructurante

Ademais de todos estes principios terase en conta:

- Os espazos, deben adecuarse á necesidade de exploración así coma á variedade de usos que se lles poidan dar. Nas aulas existen diferentes recunchos nos que o alumno pode acudir: biblioteca, construción, ... Este ano polo COVID a mestra ou os nenos collerán o material e levarano a súa mesa. Este material será logo desinfectado ou se son libros poñeranse en corentena.
- A organización dos tempos, debe ser flexible para adecuarse aos diferentes ritmos e necesidades dos alumnos.
- A relación coas familias nesta etapa é dunha importancia decisiva. Pídeselle a súa colaboración para que aporten á aula diferente material relacionado co traballo que estamos facendo.

MATERIAIS E RECURSOS

Os recursos cos que contamos para pór en práctica esta programación serán:

- Recursos materiais: mobiliario (estantes nos que os nenos teñen os seus lapiceiros individuais ou os seus estoxos, caixas individuais nas que gardan a plastilina, o pegamento, alfombrilla e punzón, témpera, rotuladores finos, tesoiro, pegatinas...xa que co COVID non se poden compartir materiais; mesas, cadeiras, taboeiros,...), material funxible (dentro das caixas individuais anteriormente citadas), material non funxible (marionetas, xoguetes, pezas de construción, crebacabezas, que usarán de modo individual e logo será desinfectado), material de refugallo ou reciclado (rolos de papel hixiénico, caixas,...), didácticos (ficha impresa, contos, dvd's, cd's, cámara fotográfica,...), informático (internet, pizarra dixital, ordenador,...).
- Recursos humanos: os nenos e nenas, e a mestra de apoio (que é a encargada de realizar este proxecto).

ORGANIZACIÓN ESPAZO_TEMPORAL

A sesión de animación á lectura levarase a cabo en cada aula onde haxa que impartir a clase, desprazándose unicamente a mestra de apoio e nunca o alumnado. Respetaranse os agrupamentos en mesas de 4-5 alumnos, e terase especial coidado debido á situación pandémica garantindo a seguridade dos nenos/as.

No tocante ó tempo, as sesións serán de 50 minutos unha vez á semana, agás aquelas que abrangan a merenda ou a entrada polas mañás, onde só contaremos aproximadamente con 35 minutos. Na sesión correspondente ó tramo horario de 13:05 a 13:50 abandonarán 5 minutos antes a clase os usuarios/as de comedor.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Garantírase o acceso aos contidos de todo o alumnado da aula adaptando as actividades, metodoloxía e recursos según as características e necesidades de cada neno ou nena.

Para elo a mestra titora informa polo miúdo de cada necesidade específica dentro da súa clase, activándose un fluxo de comunicación constante entre ambas profesionais e tamén coa familia en cuestión, tratando de traballar todos na mesma dirección e facilitar a aprendizaxe do alumno/a.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Tal e como se recolle na Orde do 25 de xuño de 2009 polo que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade

Autónoma de Galicia, a avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática, a análise da produción dos traballos dos nenos e nenas e as entrevistas coas familias, constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación. Para recoller toda esta información utilizaremos anecdotarios, listas de control, táboas de observación e diario de aula.

Os criterios de avaliación constituirán o punto de referencia inmediato da avaliación continua e permitirán seleccionar os procedementos de avaliación máis axeitados. Cada trimestre seleccionaranse do Xade os ítems de avaliación. Seleccionamos aqueles que están máis acorde coa realidade do noso centro e das nosas aulas. Á hora de facer a avaliación do noso alumnado xúntanse a titora e os especialistas que lle imparten clase, para poder facer un seguemento máis exhaustivo, e que nos permita facer unha posta en común. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes dos alumnos/as como os procesos de ensino e a súa práctica docente, tendo en conta aspectos como:

- A organización da aula
- A coordinación entre os mestres de ciclo
- A regularidade e calidade da relación cos pais/nais
- A adecuación da proposta pedagóxica
- A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas
- A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Durante o desenvolvemento da ensinanza e aprendizaxe é preciso avaliar a posta en práctica do planificado, pero tamén aquelas outras situacións ou aspectos imprevistos que modificaron a programación. A modo de exemplo cítanse os criterios que serán valorados cun SÍ ou cun NON:

		SI	NON
OBXECTIVOS	Estiveron adaptados ás características evolutivas do alumnado?		
	Están acorde coa realidade do centro?		
CONTIDOS	Foron coherentes cos obxectivos?		
	A súa formulación é variada?		

COMPETENCIAS BÁSICAS	Establecéronse os mecanismos para a iniciación das competencias?		
METODOLOXÍA	A programación foi elaborada de forma coordinada dentro do ciclo?		
	Tivéronse en conta as competencias básicas como elemento organizador?		
	E os principios pedagóxicos?		
NEAE	A atención á diversidade está prevista na programación?		
ESPAZO	Tivéronse en conta as pautas establecidas polos especialistas?		
	A organización do espazo foi axeitada?		
TEMPO	A organización do tempo é acorde ás necesidades?		
RECURSOS	Foron axeitados e suficientes os recursos previstos?		
AVALIACIÓN	Seleccionáronse as técnicas de avaliación cos propósitos para os que serven?		
OBSERVACIÓNS			

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RELIXIÓN

1. INTRODUCCIÓN

Esta programación foi elaborada aplicando a lexislación vixente para E.I.

- DECRETO 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. *(DOG do 23 de xuño de 2009).*
